EXERCICIOS AUTOAVALIABLES DE APOIO

1.- Contesta brevemente as seguintes cuestións

- Define Padrón municipal
- Define Inmigración
- Define Emigración
- Taxa de natalidade
- Taxa de mortalidade
- Taxa de actividade
- Crecemento real da poboación

2.- Completa o seguinte cadro

CONSECUNECIAS	MIGRACIÓNS INTERIORES	MIGRACIÓNS EXTERIORES
Demográficas		
Económicas		
Sociais		

RESPOSTAS

EXERCICIO 1

- O Padrón municipal é o rexistro das veciñas e veciños dos termos municipais. Recolle tamén datos demográficos, económicos e sociais da poboación. É un d ocumento dinámico, vivo, xa que cando unha persoa se traslada a vivir a outro municipio ten a obriga legal de empadroarse nel. De aí que sexa denominado Padrón continuo de poboación.

- Inmigración, poboación que chega a un lugar de destino deferenrte ao lugar deo orixe.

- Emigración , saída da poboacón do seu lugar de orixe a outro por diferentes moitova, maioritarimante económicos.

- TN = Nº de Nacementos (en el período) x 1000 / nº medio de habitantes

- TM = Nº de Mortes (en el período) x 1000 / nº medio de habitante

- Taxa de Actividade = Poboación activa x 100 / Poboación absoluta

- CRP = CN ± SM = CRP = (N-M) ± (I-E)

EXERCICIO 2

CONSECUNECIAS	MIGRACIÓNS INTERIORES	MIGRACIÓNS EXTERIORES
Demográficas	son as responsables dos desequilibrios na distribución da poboación: pouca poboación no interior e grandes densidades na periferia. Tamén influíron na estrutura por sexo e por idade (avellentamento...)	As consecuencias demográficas manifestáronse na diminución dos efectivos de poboación e na súa distribución (a distinta participación dos territorios nas correntes migratorias contribuíu ós desequilibrios actuais no reparto espacial da poboación

Económicas	nas áreas rurais, nun primeiro momento as migracións permitiron aumentar os recursos da poboación; pero co tempo xerouse unha des-economía de subpoboación, pois ao marchar a xente máis nova e capacitada, descendeu a produtividade e o rendemento. Nas cidades a inmigración masiva provocou conxestión: problemas de solo urbano, de vivenda, de circulación e de postos escolares.	As consecuencias económicas foron por unha banda positivas, pois aliviaron o forte crecemento natural e o paro; ademais, as divisas enviadas contribuíron a financiar o desenvolvemento económico español e a reducir o déficit comercial. Pero tamén houbo consecuencias negativas, porque moitos aforros non se investiron en bens produtivos, ou non favoreceron as áreas de partida da emigración.
Sociais	producíronse problemas de asimilación, ao pasar dunha comunidade rural e de valores tradicionais a unha gran sociedade urbana e competitiva. En xeral, a integración non se produce ata a xeración seguinte.	As consecuencias sociais foron o desarraigo (ao se incorporar a sociedades cunha lingua e con costumes descoñecidas), as penosas condicións de vida (afastamento da familia, en vivendas de pouca calidade...) e de traballo (salarios baixos, condicións laborais...). Ademais, foron as primeiras persoas afectadas polos despedimentos causados pola crise e, en xeral, regresaron se mellorar a súa cualificación profesional. O retorno creou novos problemas, como encontrar traballo, conseguir vivenda e readaptarse ás condicións de vida.